

1. Obxectivo do concurso

O concurso “Letras do Mar” está organizado pola Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA), unha ONG ambiental galega adicada á conservación de fauna mariña ameazada.

O seu obxectivo é fomentar a creatividade literaria entre o alumnado e promover a sensibilización sobre a conservación de especies mariñas ameazadas, especialmente cetáceos, lobos mariños e tartarugas, a través de contos e poemas que resalten a súa importancia ecolóxica e os perigos que afrontan.

 **Nesta edición, os traballos deberán centrarse na toniña (*Phocoena phocoena*), unha pequena especie de cetáceo en perigo de extinción nas nosas costas. Podedes atopar máis información aquí:**

<https://www.dropbox.com/s/kcvwgohmvpfdgsu/POSTER%20PPH-GALEGO-V5-pk.jpg?dl=0>

<https://www.dropbox.com/s/pv88crp5084yju5/SALSEIRO-PPH.pdf?dl=0>

2. Participantes

Poderán participar centros educativos de educación primaria. Cada centro poderá enviar un (1) traballo seleccionado por categoría (conto e/ou poema), creado por un ou varios estudantes.

3. Temática

As obras deberán centrarse na vida mariña e poñer en valor as especies ameazadas de cetáceos, lobos mariños ou tartarugas. Valorarase especialmente o tratamento creativo da problemática ambiental, con mensaxes de conservación, empatía e esperanza.

4. Formato e Extensión

- Conto: Extensión máxima de 4 páxinas (DIN A4).
- Poema: Máximo de 40 versos, en formato libre.
- Os textos deben estar escritos en galego e ser orixinais e inéditos.
- Aceptaranse traballos individuais ou por clase

 **Recoméndase empregar unha letra lexible (ex. Times New Roman 12 ou similar), con interliñado 1,5, tanto para contos como para poemas.**

5. Envío dos Traballos

Os centros educativos deberán enviar os traballos seleccionados a través do correo electrónico: cemmasolicitud@gmail.com, co asunto: *Concurso Letras do Mar + Nome do Centro*.

No correo deberase incluír:

- O arquivo do conto ou poema (formato .pdf)
- Nome do centro educativo
- Nome(s) do(s)/da(s) autor(es/as)
- Idade(s) e curso(s)
- Nome do/das docente(s) responsable(s) e contacto



Data límite de envío: 30 de maio



Anuncio dos gañadores: o 8 de xuño, coincidindo co Día dos Océanos, mediante correo aos centros participantes e difusión nas redes sociais do concurso.

6. Xurado e Criterios de Avaliación.

O xurado estará composto por representantes de CEMMA. Avaliaranse os seguintes aspectos:

- Orixinalidade e creatividade
- Claridade na mensaxe de conservación
- Adecuación á temática mariña e ás especies ameazadas
- Calidade literaria do texto



Para garantir a imparcialidade, os textos serán avaliados de forma anónima: o xurado non terá acceso aos nomes do alumnado durante o proceso de lectura e valoración.

7. Premio.

Concederanse **dous premios por categoría** (conto e poema):

- ◆ **Un premio a unha obra individual**
- ◆ **Un premio a unha obra grupal**

Cada obra gañadora recibirá:



Material divulgativo sobre vida mariña e conservación para a aula do centro (libros, carteis, etc.).



No caso dos premios individuais, o/a autor/a recibirá ademais un exemplar da colección literaria *Go!*.



Ademais, entregarase un **diploma de recoñecemento** ao centro e aos autores/as de cada obra. O xurado poderá outorgar **menções honoríficas** se o considera oportuno.

8. Publicación.

Os traballos gañadores e finalistas poderán ser publicados nunha antoloxía dixital ou compartidos a través das redes sociais e medios asociados ao concurso, con fins educativos e de sensibilización.

9. Aceptación das Bases.

A participación no concurso implica a aceptación total destas bases. Calquera situación non prevista será resolta pola organización.